



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXPT. 1926/2024 “ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL”

Pola providencia desta alcaldía de data 01-07-2024 iniciouse o expediente de contratación para adxudicar o contrato de servizos “**ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**”, para o cal se conta cunha subvención da Deputación da Coruña por medio da convocatoria PEL-REDE COWORKING 2024 polo importe de 19.481,00 euros.

A necesidade da contratación, así como a insuficiencia de medios xustificouse na memoria desta alcaldía de data 01-07-2024.

Á vista das características e do importe do contrato propónse a tramitación do expediente de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Na data de 09-07-2024 emitíuse polo técnico de administración xeral o estudo de custes do servizo, aplicando o convenio colectivo do sector de oficinas e despachos vixentes, o cal reflicte un valor estimado anual do contrato de 23.000 euros, e un orzamento base de licitación (IVE incluído) de 27.830 euros. O contrato terá unha duración de 1 ano e coa posibilidade de dúas prórrogas anuais polo que o valor estimado total do contrato será de 69.000 euros, IVE de 14.490 euros, e un orzamento base de licitación total de 83.490 euros. Con respecto ás posibles prórrogas, o carácter deste contrato será de tramitación anticipada, ao abeiro da Disposición adicional terceira.2 da LCSP, e quedan sometidas á condición suspensiva da efectiva existencia dos recursos cos que haberá de financiarse, cuxos efectos quedarán en suspenso ata que se verifique o cumprimento da condición da que depende a súa eficacia. Á vista das características e do importe do contrato propónse a tramitación do expediente de conformidade co previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Na data de 09-07-2024 emitíuse pola intervención municipal a retención de crédito necesaria para o financiamento do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 2024.433.22706, a cal se incorpora ao expediente.

Na data de 09-07-2024 emitíuse o prego de prescricións técnicas polo axente de desenvolvemento local e na mesma data o técnico de administración xeral emitiu o prego de cláusulas administrativas particulares, procedemento aberto simplificado (art. 159 LCSP) ao cal se





incorporan os criterios de adxudicación sinalados no informe da mesma data da concelleira delegada da Área de Promoción Económica, Servizos Sociais e Ensinanza.

Logo de ver os preceptivos informes de secretaría, emitido en sentido favorable de data 11-07-2024, e da intervención municipal, emitido en sentido desfavorable de data 10-07-2024, e que conclúe coa emisión de reparo suspensivo ao abeiro do establecido no artigo 216.2.c) TRLRFL e 12.3.c) RD 424/2017, ó fundamentarse na omisión de requisitos e trámites esenciais que poden dar lugar á nulidade do acto, e afectar á autorización de gastos.

A alcaldía doulle conta á concellería delegada da área de Promoción Económica, Servizos Sociais e Ensinanza, a cal emitiu na data de 11-07-2024 o seu informe xustificativo e en base ás observacións da intervención municipal ordenou ao técnico de Administración Xeral que procedera á modificación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na licitación, procedendo o técnico na mesma data a modificar e subscribir o prego de cláusulas administrativas e se incorpora ao expediente, solventando así todas as observacións da intervención municipal, e sen necesidade de levantamento do reparo suspensivo, ao non existir fundamento ao terse en conta todas as consideracións sinaladas.

Logo de ver o disposto na Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia será do Pleno. O valor estimado da obra é de 130.579,77 euros, polo que non excede da porcentaxe do 10% dos recursos ordinarios do vixente Orzamento Municipal para o exercicio 2024, polo que será o alcalde o órgano competente para aprobar o expediente de contratación e a súa adxudicación.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación número 1926/2024 do servizo “ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL” polo procedemento aberto simplificado, artigo 156 LCSP, coa duración dun ano e dúas posibles prórrogas, valor estimado anual do contrato de 23.000 euros, e un orzamento base de licitación (IVE incluído) de 27.830 euros, e ao contemplarse dúas posibles prórrogas o valor estimado total do contrato será de 69.000 euros, IVE de 14.490 euros, e un orzamento máximo de licitación de 83.490 euros.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2024.433.22706, con respecto á primeira anualidade, e con respecto ás posibles prórrogas o carácter deste contrato será de tramitación anticipada, ao abeiro da Disposición adicional terceira.2 da LCSP, e quedan sometidas





á condición suspensiva da efectiva existencia dos recursos cos que haberá de financiarse, cuxos efectos quedarán en suspenso ata que se verifique o cumprimento da condición da que depende a súa eficacia e dar conta á Intervención e tesourería para as oportunas operacións contables

Terceiro.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas que constan no expediente e que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado do presente contrato de servizos, previsto no art. 159 da LCSP.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato polo procedemento aberto simplificado abreviado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio, informe de necesidade e insuficiencia de medios, memoria, pregos, cadro resumo e composición da mesa de contratación no perfil do contratante deste Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 15 días naturais se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

Quinto.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que se celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación.

Na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

O secretario

(dou fe aos efectos do disposto no art. 3.2 do RD. 128/2018)

José Carlos Vidal Suárez

Adrián J. Márquez Caramés

